



Arbo

Luns, mércores e venres

Pilates e Aerodance

Descrición: clases nas que se tratarán aspectos como a corrección postural, fortalecemento muscular, flexibilidade e mobilidade, benestar mental, fusión de ritmos, coreografía...

Organizado por: Concello de Arbo.

Hora: de 20:15 a 21:45 horas.

Lugar: pavillón polideportivo (Chan, s/n) – Arbo.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: nos tlf. [637 75 93 83](tel:637759383) (Eva), [650 42 47 40](tel:650424740) (Quique).

Proximamente... (domingo 5 de abril)

IX Andaina da lamprea

Descrición: andaina de 12 km aprox. e dificultade media/alta que combina a actividade física coa oportunidade de coñecer a historia e o patrimonio da vila de Arbo. Haberá agasallos e degustacións para todas as persoas participantes.

Organizado por: Concello de Arbo.

Hora: ás 9:30 horas.

Lugar: saída da Praza do Consistorio – Arbo.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: ata o 30 de marzo nas oficinas do Concello de Arbo ou no correo tributos@concellodearbo.gal.

Prezo: 10€.

Cangas

Martes 3

Capacidades H2O

Descrición: charla a cargo de Capacidades H2O, asociación de natación terapéutica, dentro da programación da 3ª edición do ciclo "Falando da saúde".

Organizado por: Concello de Cangas.

Hora: ás 18:30 horas.

Lugar: salón de plenos da casa do Concello (Avda. De Castelao, 2) – Cangas.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non precisa.



Cangas

Mércores 11

Síndrome de Noonan, tan común como descoñecido

Descrición: charla impartida por Vasya Ivanoa, Marta Novo e Vanesa Costa, da Asociación síndrome de Noonan, dentro da programación da 3ª edición do ciclo "Falando da saúde".

Organizado por: Concello de Cangas.

Hora: ás 18:30 horas.

Lugar: salón de plenos da casa do Concello (Avda. De Castelao, 2) – Cangas.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: non precisa.

Martes 17

Riles ao 100%: o que todos deberiamos saber

Descrición: charla impartida por Nuria Cruz, presidenta, e Sara Martínez, traballadora social, de ALCER Pontevedra, dentro da programación da 3ª edición do ciclo "Falando da saúde".

Organizado por: Concello de Cangas.

Hora: ás 18:00 horas.

Lugar: salón de plenos da casa do Concello (Avda. De Castelao, 2) – Cangas.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: non precisa.

Mércores 25

A soidade non desexada. O desafío invisible dunha sociedade conectada

Descrición: charla impartida por Virginia Ramos Pulgar, traballadora social de ADICAM, dentro da programación da 3ª edición do ciclo "Falando da saúde".

Organizado por: Concello de Cangas.

Hora: ás 18:30 horas.

Lugar: salón de plenos da casa do Concello (Avda. De Castelao, 2) – Cangas.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: non precisa.



A Cañiza

Do luns 2 ao xoves 5

Capacitación dixital

Descrición: obradoiro práctico co obxectivo de reducir a fenda dixital e fomentar a autonomía no uso das ferramentas tecnolóxicas.

Organizado por: Concello de A Cañiza.

Hora: luns a mércores, de 10:00 a 14:00 horas; xoves, de 10:00 a 13:00 horas.

Lugar: Aula CeMIT (r/ Progreso, 128– A Cañiza.

Poboación á que vai dirixida: persoas residentes na Cañiza desempregadas, pensionistas ou xubiladas.

Inscripcións: no tlf. [698 19 67 86](tel:698196786) ou no correo redaranagalicia@gmail.com.

A Guarda

Martes de marzo a maio

Quérome, cóidome

Descrición: obradoiro de autocoidado para mulleres centrado na aprendizaxe de quererse e coidarse para aumentar a autoestima, ademais de compartir experiencias.

Organizado por: Concello de A Guarda.

Hora e lugar: de 16:00 a 17:30 horas, na Gándara; de 18:00 a 19:30 horas, en Camposancos.

Poboación á que vai dirixida: mulleres maiores de 55 anos.

Inscripcións: no tlf. [986 61 46 48](tel:986614648) ou no correo electrónico muller@aguarda.es.

Moaña

Mércores 4

O loito na infancia: como falar na familia

Descrición: sesión formativa da Escola de familias do Concello de Moaña, impartido por Laura Durán, psicóloga.

Organizado por: Concello de Moaña.

Hora: varios horarios a elixir, de 11:00 a 12:30, de 17:30 a 19:00 ou de 19:30 a 21:00 horas.

Lugar: Ludoteca municipal (r/ Ramón Cabanillas, 18) – Moaña.

Poboación á que vai dirixida: familias.

Inscripcións: no teléfono [986 315 038](tel:986315038), en horario de tarde.



Moaña

Martes 10

Practicando a calma

Descrición: sesión formativa da Escola Sentir e Pensar do Concello de Moaña, impartido por Laura Durán, psicóloga.

Organizado por: Concello de Moaña.

Hora: de 16:00 a 17:00 horas, para alumnado de 1º e 2º de Primaria; de 17:15 a 18:15 horas, para 3º e 4º; de 18:30 a 19:30 horas, para 5º e 6º.

Lugar: Ludoteca municipal (r/ Ramón Cabanillas, 18) – Moaña.

Poboación á que vai dirixida: alumnado de primaria.

Inscricións: no teléfono [986 315 038](tel:986315038), en horario de tarde.

Venres 6

Alimentación saudable

Descrición: sesión formativa impartida por Jaime Juncal, nutricionista, dentro da Escola de Saúde do Concello de Moaña.

Organizado por: Concello de Moaña.

Hora: ás 18:00 horas.

Lugar: salón de plenos do Concello – Moaña.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non precisa.

Sábado 7

Dimensión social da sexualidade: mocear a través dos tempos

Descrición: charla-obradoiro impartido por Sara Pérez, de EduLúa Educación integral, dentro da Escola de Saúde do Concello de Moaña.

Organizado por: Concello de Moaña.

Hora: de 11:00 a 12:30 horas.

Lugar: salón de plenos do Concello – Moaña.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: a través do seguinte [formulario](#) ou do correo escoladesaudemoana@gmail.com



Moaña

Venres 20

Alimentación saudable despois dos 60 anos

Descrición: sesión formativa impartida por Jaime Juncal, nutricionista, dentro da Escola de Saúde do Concello de Moaña.

Organizado por: Concello de Moaña.

Hora: ás 18:00 horas.

Lugar: Club de persoas xubiladas do Carme (Avda. Concepción Arenal, 13) – Moaña.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: non precisa.

Sábado 21

A protección contra o abuso infantil e a violencia de xénero

Descrición: charla-obraoiro impartido por Sara Pérez, de EduLúa Educación integral, dentro da Escola de Saúde do Concello de Moaña.

Organizado por: Concello de Moaña.

Hora: de 11:00 a 12:30 horas.

Lugar: salón de plenos do Concello – Moaña.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: a través do seguinte [formulario](#) ou do correo escoladesaudemoana@gmail.com

Martes 24

Compartindo ledicia

Descrición: sesión formativa da Escola Sentir e Pensar do Concello de Moaña, impartido por Laura Durán, psicóloga.

Organizado por: Concello de Moaña.

Hora: de 16:00 a 17:00 horas, para alumnado de 1º e 2º de Primaria; de 17:15 a 18:15 horas, para 3º e 4º; de 18:30 a 19:30 horas, para 5º e 6º.

Lugar: Ludoteca municipal (r/ Ramón Cabanillas, 18) – Moaña.

Poboación á que vai dirixida: alumnado de primaria.

Inscripcións: no teléfono **986 315 038**, en horario de tarde.



Moaña

Martes 24

Xestión do estrés e da ansiedade

Descrición: sesión formativa dentro do Programa de Saúde Mental da Escola de Saúde de Moaña.

Organizado por: Concello de Moaña.

Hora: de 17:00 a 18:30 horas.

Lugar: salón de plenos do Concello – Moaña.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: non precisa.

Mos

Mércores 18

Obradoiro polo día mundial do sono

Descrición: espazo de reflexión para promover a calidade de vida física e emocional, enfocándonos na importancia de manter hábitos saudables relacionados co sono e o descanso, posto que repercuten en todas as áreas da vida.

Organizado por: Centro de Recursos de COGAMI - Mos.

Hora: de 12:00 a 13:30 horas.

Lugar: CDR Mos (Avda. Do Rebullón, s/n – Puxeiros) – Mos.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: non precisa, entrada libre e gratuíta.

Proximamente... (do 10 ao 12 de abril)

Retiro ArmonizaMOS

Descrición: un espazo para respirar fondo e volver ao equilibrio interior con ioga adaptado a todos, natureza, neurociencia do benestar e ferramentas para xestionar o estrés.

Organizado por: Programa Coidamos - Concello de Mos.

Lugar: Casa das Tecedeiras – (Lg. Vieiros, O Courel) – Quiroga - Lugo.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: máis información no tlf. [986 097 037](tel:986097037). Actividade con custo.



As Neves

Domingo 22

Andaina de mitos e crenzas do Termes

Descrición: andaina de 10 km e dificultade baixa/moderada dirixida a descubrir o patrimonio natural e cultural de As Neves. Posibilidade de xantar popular ao remate (con custe).

Organizado por: A.C. A Liñeira.

Hora: ás 10:00 horas.

Lugar: praza do Concello – As Neves.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: ata o 18 de marzo ingresando a taxa (7€) no n.º de conta: ES8920805434013040118291.

Proximamente... (domingo 12 de abril)

IX Andaina do Condado

Descrición: andaina que conta con catro distancias de 25, 15, 8 e de 2,5 km. A de 8 Km ten carácter popular e é apta para todos os públicos e a de 2,5 km, de carácter solidario, está deseñada para persoas con diversidade funcional cunha dificultada baixa apta para todas as idades e mobilidades.

Organizado por: Club Cornelios.

Hora: ás 9:00 horas.

Lugar: saída da praza Maior – As Neves.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: ata o 5 de Abril a través do seguinte [enlace](#).

Prezo: 15/12/10€, en función do percorrido.

Nigrán

Do luns 2 ao venres 6

Programa Móve-T

Descrición: programa de actividades polo 8M, día internacional da muller, que inclúe ximnasia activa o luns; hip-hop, o mércores; barre, o xoves; e zumba, o venres.

Organizado por: Concello de Nigrán en colaboración con Husling Dance.

Hora: varios horarios en función da actividade.

Lugar: pavillón municipal de Panxón, sala Tai-chi (Avda. Gondomar, 2 / Panxón) – Nigrán.

Poboación á que vai dirixida: persoas maiores de 16 anos.

Inscricións: ata o propio día da actividade no CIM (Estrada pola Vía, 65), no tlf. [986 383 081](tel:986383081) ou no correo cim@nigran.org.



Nigrán

Martes 2

Aproximación ao dano cerebral adquirido

Descrición: charla que ten como obxectivos informar sobre as causas, describir as secuelas, sensibilizar sobre a prevención e achegar os recursos de atención ao dano cerebral adquirido dispoñibles no Val Miñor.

Organizado por: Dano Cerebral Galicia.

Hora: de 17:30 a 19:00 horas.

Lugar: Auditorio municipal (Avda. Castelao, 2) - Nigrán.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: a través do seguinte [formulario web](#) ou chamando ao 986 365 000 (Concello Nigrán) ou 652 770 653 (Dano Cerebral Galicia).
Actividade de balde.

Sábado 7

Escape room dixital: Corresponsabilidade, un reto compartido

Descrición: experiencia gamificada na que as persoas participantes exploran de maneira lúdica e práctica o concepto de corresponsabilidade a través de diferentes retos; actividade dentro da programación do 8M, día internacional da muller.

Organizado por: Concello de Nigrán.

Hora: a partir das 11:00 horas.

Lugar: punto de inicio no porto de Panxón - Nigrán.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral, individual ou colectivamente.

Requisitos: as menores de 12 anos deberán estar a cargo dun adulto e todas as persoas participantes deben contar cun teléfono móbil conectado a internet.

Inscricións: ata o 5 de marzo a través do seguinte [formulario web](#).

Luns 16, venres 20 e luns 23

Como buscar contidos culturais e de lecer en internet

Descrición: xornadas formativas sobre o uso de internet.

Organizado por: Asociación veciñal e cultural Chandebrito 1807.

Hora: de 17:00 a 20:00 horas.

Lugar: antiga escola infantil de Chandebrito (Camiño da Igrexa, 2) - Nigrán.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: ata o 5 de marzo a través do correo chandebrito1807@gmail.com e indicando: nome, apelidos, lugar de residencia e teléfono de contacto. Actividade de balde.



Nigrán

Luns 23

Entre mareas: mulleres, emprego e vida

Descrición: charla dentro do ciclo "Café en igualdade".

Organizado por: Concello de Nigrán.

Hora: ás 17:30 horas.

Lugar: O Cafeciño (Romana Baixa, 8 / A Ramallosa) - Nigrán.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: non precisa.

Oia

Mércores de marzo a maio

Fotografía: narracións visuais dende o local

Descrición: obradoiro de fotografía, impartido por Belén Jarrín, no que o alumnado aprenderá técnica mentres fai a súa propia reportaxe.

Organizado por: Concello de Oia.

Hora: de 18:30 a 20:30 horas.

Lugar: Centro cultural de Pedornes (Lg. O Matovello, 54B) – Oia.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: no tlf. [986 362 125](tel:986362125).

Pazos de Borbén

Sábado 7

Intelixencia artificial explicada fácil

Descrición: obradoiro de nivel iniciación no que o alumnado aprenderá a usar a IA para aforrar tempo no seu día a día. Necesario levar ordenador.

Organizado por: Merca libro – A casa cultural de Amoedo.

Hora: de 10:00 a 13:00 horas.

Lugar: Centro cultural de Amoedo (A Igrexa, 6 / Amoedo)– Pazos de Borbén.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscripcións: no tlf. [687 934 671](tel:687934671).

Prezo: 15€.



Ponteareas

Venres 13 e sábado 14

Obradoiro de fotografía

Descrición: obradoiro que inclúe clases teóricas e prácticas. Aprende, coñece e prepárate para o Talento Xove!

Organizado por: Concello Ponteareas.

Hora: ás 18:00 horas.

Lugar: Residencia Artisteia (praza Maior) – Ponteareas.

Poboación á que vai dirixida: persoas menores de 30 anos.

Inscricións: no correo xuventude@ponteareas.gal.

Domingo 22

X AndaGuláns – A ruta do rancho

Descrición: andaina circular de dificultade media con dúas distancias, de 25 e 12 km.

Organizado por: Federación Galega de Montañismo.

Hora: a partir das 8:00 horas.

Lugar: saída e chegada na Asociación Cultural de Guláns (Parque Avisoureira/ Guláns) – Ponteareas.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: ata o 16 de marzo a través do seguinte [enlace](#).

Prezo: en función da distancia (12, 15 ou 18€).

O Porriño

Xoves de marzo a maio

Libros que latexan

Descrición: proposta de expresión e creación para transformar a lectura nunha experiencia viva a través do teatro e a narración oral; impartido por Ana Abad de Larriva, dinamizadora do club de lectura municipal e escritora, actriz, cantautora, creadora e docente de artes escénicas.

Organizado por: Concello de O Porriño.

Hora: de 18:00 a 19:30 horas.

Lugar: Biblioteca municipal (Centro cultural municipal - Avda. Domingo Bueno, 9) – O Porriño.

Poboación á que vai dirixida: poboación maior de 16 anos.

Inscricións: na Biblioteca Municipal; terán preferencia as persoas censadas no Concello do Porriño.



Redondela

Mércores 4

Día mundial da obesidade: Camiña e conecta

Descrición: andaina acompañada de mensaxes saudables ao longo do percorrido.

Organizado por: Rede Galega de Promoción da Saúde (REGAPS).

Hora: ás 10:30 horas.

Lugar: saída e chegada diante do Concello – Redondela.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: a través do seguinte

[formulario web](#).

Xoves 12

Navegando o sistema: como preparar entrevistas con psiquiatría e traballo social. Coñecer os dereitos do paciente e da familia

Descrición: sesión formativa da Escola de familias da Asociación Lenda, configurada como un espazo de formación, apoio mutuo e autocoidado.

Organizado por: Asociación Lenda Saúde Mental.

Hora: de 17:00 a 18:30 horas.

Lugar: sede da Asociación Lenda (r/Reveriano Soutullo, 57) – Redondela.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral, especialmente familiares de persoas con problemas de saúde mental.

Inscricións: no teléfono 986 404 200 e no WhatsApp 653 794 995.

Luns, mércores e venres de marzo e abril

Cursos de informática - Redondela

Descrición: formación de balde en OnlyOffice, Competencias dixitais e Canva, así como aula aberta para a resolución de dúbidas e competencias dixitais básicas con tablets.

Organizado por: Concello de Redondela.

Hora: varios horarios, mañá e tarde, en función da formación elixida.

Lugar: aula CeMIT Redondela (Paseo do Pexegueiro, 6) – Redondela.

Poboación á que vai dirixida: persoas maiores de 18 anos con coñecementos básicos de informática.

Inscricións: presentando a seguinte

[Ficha de inscrición](#) na Sede electrónica ou no rexistro presencial do Concello de Redondela. 11



Redondela

Martes, xoves e venres de marzo e abril

Cursos de informática - Chapela

Descrición: formación de balde en Microsoft 365, edición de imaxes en liña e aplicacións Google, así como aula aberta para a resolución de dúbidas e competencias dixitais básicas con tablets.

Organizado por: Concello de Redondela.

Hora: varios horarios, mañá e tarde, en función da formación elixida.

Lugar: aula CeMIT Chapela (r/ Manuel Rodríguez Casal, 3 / Chapela) – Redondela.

Poboación á que vai dirixida: persoas maiores de 18 anos con coñecementos básicos de informática.

Inscricións: presentando a seguinte

[Ficha de inscrición](#) na Sede electrónica ou no Rexistro presencial do Concello de Redondela.

O Rosal

Sábado 21

Hormonas femininas e regulación do metabolismo

Descrición: charla impartida por Ismael González García, dentro da programación da Escola de Saúde de O Rosal.

Organizado por: Concello de O Rosal.

Hora: ás 12:00 horas.

Lugar: Centro social polivalente – O Rosal.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non precisa, entrada libre ata completar aforo.

Xoves 26

Hormonas e saúde. Endometriose: unha enfermidade silenciosa

Descrición: charla-café impartida por Diana Ayude, matrona, dentro da programación do ciclo "Cafés en Igualdade".

Organizado por: Concello de O Rosal.

Hora: ás 17:30 horas.

Lugar: Café-bar San Martiño (Martín, 5) – O Rosal.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non precisa.



Salceda de Caselas

Xoves 5, 12 e 26

Competencias dixitais básicas

Descrición: formación de balde nas competencias dixitais básicas necesarias para utilizar internet e dispositivos de forma segura. Non é preciso ter móbil nin ordenador.

Organizado por: AFAGA Alzheimer en colaboración co Concello de Salceda de Caselas.

Hora: de 10:00 a 12:30 horas.

Lugar: Centro social A Devesa – Salceda de Caselas.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: no correo formacion@afaga.com ou no tlf. 634 859 451.

Luns 9

Café interxeracional: a muller no rural

Descrición: actividade enmarcada na programación polo 8M, día internacional da muller.

Organizado por: Asociación veciñal San Tomé de Parderrubias.

Hora: ás 16:30 horas.

Lugar: Aula sénior A Revolta (Lg. A Revolta, 5 / Parderrubias) – Salceda de Caselas.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non precisa.

Tomiño

Todos os xoves

Andainas saudables

Descrición: andainas guiadas por unha fisioterapeuta da Asociación Vontade que inclúen exercicios de forza, equilibrio e estiramientos, promovendo unha práctica segura e adaptada.

Organizado por: Concello de Tomiño.

Hora: ás 9:30 horas.

Lugar: saída do Centro de saúde (Lg. A Rocha, 36) – Tomiño.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: non precisa.



Vigo

Mércores de marzo a maio

Obradoiro de teatro cómico: Rir para resistir

Descrición: obradoiro práctico de creación teatral, impartido por Arantxa Treus, cómica e actriz, dirixido a mulleres e centrado no uso do humor e da comedia como ferramentas de expresión, crítica social e empoderamento.

Organizado por: Igualdade Vigo - Concello de Vigo.

Hora: de 18:00 a 20:00 horas.

Lugar: Casa das Mulleres (r/ Romil, 20) – Vigo.

Poboación á que vai dirixida: mulleres maiores de 18 anos. Terán preferencia as empadroadas en Vigo.

Inscripcións: ata cubrir prazas enviando a [Ficha de inscrición](#) aos seguintes correos casadasmulleres@vigo.org ou ofi.muller@vigo.org; se non é posible, pode presentarse persoalmente na Casa das Mulleres, de luns a venres, de 17:30-21:30.

Luns 2, 9 e 16

Hixiene do sono

Descrición: obradoiro práctico dirixido a pacientes oncolóxicos onde se aprenderán ferramentas e hábitos para mellorar a rutina de sono e descansar mellor.

Organizado por: ADICAM.

Hora: de 18:00 a 20:00 horas.

Lugar: Oficina municipal Casco Vello (r/ Oliva, 12) – Vigo.

Poboación á que vai dirixida: pacientes oncolóxicos.

Inscripcións: necesario reserva de praza no tlf. [629 94 59 25](tel:629945925). Actividade de balde.

Martes 3

A xenética da diversidade e educación

Descrición: encontro a cargo de Ángel Carracedo, xenetista e catedrático da USC, no que se analizará, dende un punto de vista científico, como o noso sistema educativo perde talentos por querer facernos iguais.

Organizado por: FOANPAS.

Hora: ás 17:00 horas.

Lugar: IES Santa Irene (Praza América, 7) – Vigo.

Poboación á que vai dirixida: comunidade educativa.

Inscripcións: a través do correo foanpas@foanpas.com ou do tlf. [986 298 812](tel:986298812).



Vigo

Venres 6

Obradoiro de risoterapia e ioga: enerxía, calma e diversión

Descrición: actividade que combina técnicas corporais, respiratorias e expresivas co obxectivo de fomentar a saúde emocional e a conexión cun mesmo e cos demais.

Organizado por: UNED Pontevedra – Aula Vigo.

Hora: de 19:00 a 21:00 horas.

Lugar: Aula UNED Vigo (Avda. Beiramar, 59 - 4º – Auditorio Mar de Vigo) – Vigo.

Poboación á que vai dirixida: poboación maior de 18 anos.

Inscricións: persoalmente na Aula UNED Vigo ou no seguinte [enlace](#). Actividade de balde.

Requisitos: levar roupa cómoda, esteira e bloque de ioga (ou un coxín e unha manta fina).

Sábado 14

Bailes en Vigo - Bembrive

Descrición: sesión de baile dentro do ciclo “Bailes en Vigo” dirixido a fomentar a participación e a socialización das persoas maiores.

Organizado por: Concello de Vigo.

Hora: de 19:00 a 22:00 horas.

Lugar: ACDR Helios de Bembrive (Estrada de Bembrive, 260) – Vigo.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral, especialmente maiores de 55 anos.

Inscricións: non precisa.

Martes 17

¿IA en educación? Si, pero con cabeza: aprender a usala sen perder o control

Descrición: charla que propón a alfabetización en IA como a chave para un uso responsable, crítico e consciente. Impartida por Francisco Bellas Bouza, catedrático da Universidade da Coruña.

Organizado por: Afundacion Vigo.

Hora: ás 19:00 horas.

Lugar: sala de conferencias sede Afundacion (r/ Policarpo Sanz, 24-26) – Vigo.

Poboación á que vai dirixida: poboación xeral.

Inscricións: a través do seguinte [enlace](#) Actividade gratuíta.